


PLAN DE INCLUSIÓN
Equipo de Inclusión Sociolaboral
Concellería de Benestar Social e Muller
Concello de Santiago de Compostela

Rúa Isaac Díaz Pardo, 4 (Galeras)
Teléfono: 981 542 465
Fax: 981 542 484
Correo: plandeinclusion@santiagodecompostela.org

Conclusións da xornada “Redes de Iniciativa Social”



XORNADA DE FORMACIÓN DIRIXIDA A PERSOAL TÉCNICO
DE ORGANIZACIÓNS DE INICIATIVA SOCIAL

redes
de iniciativa social

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2009



Fondo Social Europeo



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE
SANTIAGO



Il plan galego de
inclusión social



Fondo Social Europeo



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE
SANTIAGO



Il plan galego de
inclusión social

Redes de iniciativa social

Equipo de Inclusión Sociolaboral
Concellería de Benestar Social e Muller
Concello de Santiago de Compostela

Abril 2009

Conclusións da xornada “Redes de Iniciativa Social”

Rede Coruña Solidaria

Santiago Porta Dovalo. Xefe de Servizo da Concellería de Servizos Sociais. Concello da Coruña

*A **Rede Coruña Solidaria** é un espazo no que conflúen todas as entidades (máis de 150) que conforman o 3º sector da cidade. O seu obxectivo pasa por proporcionar á cidadanía un lugar no que poida colaborar tanto na resolución de problemas como na xeración de propostas que melloren a calidade de vida na poboación. Entre os seus colectivos diana, destaca a poboación en risco de exclusión social, á que ía dirixida o Proxecto “Coruña Solidaria” enmarcado dentro da Iniciativa Comunitaria Equal.*

- ◆ Dificultade de traballar en rede sen o uso permanente das novas tecnoloxías.
- ◆ Importancia do papel dos Concellos á hora de coordinar e impulsar o traballo en rede e poñer en valor os recursos da cidade.
- ◆ Posibilidade de “morrer de éxito”: crecemento excesivo da rede sen medios persoais e técnicos para o seu mantemento.
- ◆ Necesidade dun impulso político permanente e un impulso técnico suficiente.



Conclusións da xornada “Redes de Iniciativa Social”

- ◆ Importancia do establecemento dunha **estratexia de comunicación externa**, fundamentalmente de cara ao sector empresarial, recollida nos materiais de difusión e sensibilización.
- ◆ Importancia do exemplo das administracións públicas, expresado de xeito fundamental nos procesos de contratación de servizos (preferencia a empresas sociais).
- ◆ Establecemento de **“incentivos” para os técnicos** que forman parte da rede: conferencias, talleres e seminarios adaptados ás demandas, actividades como “almorzos en rede” (encontros semi-formais con persoas destacadas tanto do sector público como privado para intercambiar opinións sobre temas de interese), intercambios e visitas con redes similares...



Cuestións claves para o éxito dunha rede:

- ⇒ Establecemento de obxectivos con carácter anual
- ⇒ Designación de entidade coordinadora
- ⇒ Designación de técnico coordinador
- ⇒ Toma de conciencia da diversidade de intereses dentro da rede (non todas as propostas e/ou actividades deben ser de interese para todos os membros)

Conclusións da xornada “Redes de Iniciativa Social”

Presentación

Desde a Concellería de Benestar Social e Muller do Concello de Santiago de Compostela xunto con varias entidades de iniciativa social do Municipio propuxémonos como obxectivo promover unha rede comunitaria de apoio para combater a desigualdade a nivel social, establecendo mecanismos de cooperación entre todas as entidades implicadas directa ou indirectamente na loita contra a pobreza e a exclusión social.

Decidimos unir esforzos e recursos co afán de mellorar os nosos servizos e xerar un innovador sistema de coordinación e desenvolvemento.

O noso obxectivo fundamental é a **creación dunha rede social como espazo de traballo** onde se establecen relacións e intercambios en múltiples direccións, potenciando o compartir experiencias, e xerando unha rede competente.

Como punto de partida para este obxectivo organizouse unha xornada formativa dirixida aos responsables e técnicos das entidades ou servizos que traballan no ámbito da inserción laboral e do voluntariado: **xornada “Redes de iniciativa social”** que se celebrou o día **11 de marzo** na **Escola Galega de Administración Pública (EGAP)**.

A continuación preséntanse unha serie de conclusións que recollen algunhas das ideas fundamentais que se trataron durante esta xornada.

Conclusións da xornada “Redes de Iniciativa Social”

O emprego é unha dimensión máis na cadea que leva á inclusión ou á exclusión social.

É un problema multidimensional que require unha intervención desde distintos ámbitos, precisa por tanto dun traballo en coordinación.



Conclusións da xornada “Redes de Iniciativa Social”

Rede de Inserción Sociolaboral de Barcelona

Lorena Ventura. Directora da liña de emprego de Barcelona Activa. Concello de Barcelona

A **Rede de Inserción Sociolaboral** é un proxecto promovido polo Concello de Barcelona e do que forman parte 50 entidades de iniciativa social da cidade que desenvolven programas e servizos de inserción sociolaboral e diversos axentes sociais (sindicatos, organizacións empresariais..). O obxectivo é a creación dun marco de intercambio de estratexias de inclusión sociolaboral e a optimización dos recursos existentes nas diversas entidades.

- ◆ Importancia do traballo conxunto, a nivel municipal, dos departamentos encargados da Promoción económica e o Benestar Social.
- ◆ Non todos os membros dunha rede han de estar de acordo en todo, ou participar en todos os proxectos. A diversidade de entidades integrantes e os diferentes colectivos destinatarios determinarán a participación nas diversas iniciativas.
- ◆ Necesidade de **participación transversal** no deseño e implementación de iniciativas: é precisa a representación a todos os niveis, non só institucional.
- ◆ Elevada utilidade de **ferramentas web**, como un portal de recursos para a inserción sociolaboral (punto de encontro das diferentes entidades da cidade. Pode incluír zona privada para uso exclusivo das entidades adheridas e intercambio de información útil).



Conclusións da xornada “Redes de Iniciativa Social”

B) Mesa redonda

Valencia Inserta

Pedro Ramiro Pollo. Xerente da Fundación CEDAT. Universidade de Valencia

Valencia Inserta é un proxecto promovido pola Concellaría de Benestar Social e Integración do Concello de Valencia, e cofinanciado por diversas entidades que traballan a favor da integración social e laboral de colectivos desfavorecidos. O obxectivo último do proxecto pasa por favorecer a inserción social e laboral de colectivos en risco de exclusión da cidade de Valencia mediante o traballo en rede, aplicando a metodoloxía da RSE na estratexia de inserción laboral.



- ◆ A integración dos **colectivos de empresarios** en redes de inserción supón un respaldo moi importante para o funcionamento das mesmas.
- ◆ Posibilidades de implantación de **incentivos institucionais** para as empresas que favorezan os procesos de inserción sociolaboral: selos de calidade, distintivos de recoñecemento...
- ◆ Necesidade de coidar extremadamente os **termos utilizados nas mensaxes** que as redes pretenden transmitir (fundamentalmente de cara ao exterior das mesmas), coa fin de que a súa recepción se vexa favorecida.

Conclusións da xornada “Redes de Iniciativa Social”

A) Relatorio: A creación de redes de iniciativa social e voluntariado

Rede Araña

Luis García- Secretario de Rede Araña

Rede Araña é unha organización sen ánimo de lucro formada por outras entidades sociais, sen ánimo de lucro, que traballa por un obxectivo común: a inserción laboral das persoas desempregadas.

Entre os seus obxectivos, destacan:

- ◆ *Agrupar, coordinar e facilitar o desenvolvemento de entidades sociais de inserción sociolaboral, aproveitando sinerxias e experiencias.*
- ◆ *Traballar en Rede con todos os axentes sociais, como método de resposta ao desemprego e a exclusión social.*
- ◆ *Xerar ferramentas de traballo que faciliten o traballo aos profesionais que traballan pola inserción sociolaboral.*



Os servizos de Rede Araña diríxense cara:

- ⇒ *Desempregados e desempregadas*
- ⇒ *Profesionais de Emprego*
- ⇒ *Administración Pública*
- ⇒ *Entidades do Terceiro Sector*
- ⇒ *Entidades-Socio de Rede Araña*
- ⇒ *Empresas privadas*

Conclusións da xornada “Redes de Iniciativa Social”

- ☛ A creación dunha rede supón a **suma de esforzos**, recursos e experiencias, cuns obxectivos claros e factibles. A parte máis dificultosa do traballo en rede é a **coordinación**. É habitual (e non supón ningún problema) que non todos os membros da rede estean de acordo en todo.
- ☛ A creación dunha Rede de entidades pode supoñer a formalización da mesma, dotándoa de personalidade xurídica, aínda que non é imprescindible.
- ☛ O traballo en rede ten que estar orientado cara **obxectivos e programas concretos**. Non todos os membros da rede han de participar en todo (as entidades integrantes están orientadas cara diferentes tipoloxías de beneficiarios, as traxectorias e experiencias son diferentes...), nin de xeito activo: cabe a posibilidade de que en determinados proxectos participen como “oíntes” ou “invitados”.
- ☛ O obxectivo último non é o crecemento da rede, senón o feito de que a rede sirva para potenciar o **fortalecemento das entidades** que forman parte dela (crecemento en experiencia, na posibilidade de acceso a proxectos ou financiamento que de outro xeito non se podería...)
- ☛ A participación nunha rede é moito máis factible cando falamos de entidades xa consolidadas, ou con certa traxectoria, que non no caso de entidades de recente creación (en moitos casos, buscan a participación en redes como xeito de crecer máis rapidamente)



Conclusións da xornada “Redes de Iniciativa Social”

- ☛ As redes han de ser vistas como un elemento dinámico: é moi posible que ao longo da súa vida parte das entidades se desvinculen, e moitas outras se sumen, o que non debe ser visto como algo traumático
- ☛ É importante, a hora de abordar o funcionamento da rede, que se dote dunha **estrutura de “dirección”** (rotatoria, formada por membros das entidades conformantes), que poida dirixir os obxectivos e formas de traballo da rede. Deste xeito, a rede tórnase máis efectiva desde o punto de vista do traballo diario.
- ☛ Á hora de abordar a comunicación da rede, un aspecto de interese é a creación dun **espazo web**. Entre os diferentes elementos cos que este espazo pode contar, é de moito interese a creación dun “Banco de Proxectos”, no que as entidades faciliten información sobre proxectos desenvolvidos (memoria, resultados reais e a valoración do mesmo) e non desenvolvidos (memoria), clasificados por actividade, colectivo destinatario... ou aquela que se considere máis útil aos membros.
- ☛ Resulta importante fomentar a **vida interna** da rede. Actividades como a formación aos profesionais, o intercambio de visitas entre entidades... potencian o acercamento e melloran a coordinación e funcionamento dos seus membros.

